



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA CONSTITUÍDA PARA A COMPRA, POR CONCURSO PÚBLICO, DUN INMOBLE NO CONCELLO DE CANGAS CON DESTINO A OFICINA DE EMPREGO

ASISTENTES

Presidente: D. Pablo Viaño Lorenzo,
Subdirector xeral do Patrimonio

Vogais:

D^a María del Carmen Rodríguez Mujico,
asesora xurídica da Consellería de Facenda

D. María Teresa Hermo Mato, xefa do servizo
de Fiscalización e Contabilidade da
Intervención Delegado da Consellería de
Facenda

D. Jesús Sanjurjo Paz, subdirector xeral de
Orientación Laboral da Dirección Xeral de
Orientación e Promoción Laboral da
consellería de Economía, Emprego e Industria

Secretario: D. Ignacio M^a García de los
Huertos y Vidal, xefe do Servizo de
Administración e Xestión Patrimonial

En Santiago de Compostela, a 3 de setembro
de 2019, sendo as 13:00 horas, reúnen-se na
sala de Xuntas do edificio administrativo da
rúa Pastoriza, 8, a mesa de contratación
compuesta polos membros que á marxe se
relacionan, para exame de documentación
relativa á oferta económica do procedemento
de compra, por concurso, dun inmovible no
concello de Cangas con destino a oficina de
Emprego.



Ás 13:00 o Presidente abre a sesión que foi convocada coa seguinte orde do día:

1. Análise da documentación achegada pola licitadora
2. Análise do informe técnico do Servizo de Investigación e Obras
3. Proposta de adxudicación.

A continuación o Presidente somete á consideración dos presentes a documentación achegada.

1.- Examinada a documentación presentada por Abanca Corporación Inmobiliaria, SL, observase que:

- as copias achegadas están debidamente compulsadas
- na documentación que se achega quedan perfectamente identificados os bens que se corresponden coa oferta realizada.

2.- Examinado o informe técnico do Servizo de Investigación e Obras, e vista a conclusión que se contén no mesmo, respecto da finca nº 21.976, de que considera que habería que aclarar coa comunidade de propietarios o uso do local para uso de oficinas, a Mesa acorda por unanimidade pedir aclaración á parte vendedora de se o destino para oficina de emprego está permitido nese local de acordo co contido dos estatutos da comunidade, aclaración que deberá ir avalada polos órganos de representación da comunidade de propietarios.

3.- A Mesa acorda tamén por unanimidade suspender a proposta de adxudicación ata a recepción da aclaración mencionada no punto anterior.

Non tendo máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto ás 13.18 horas, levantándose a presente acta no lugar e data indicados

O presidente

Pablo Viaño Lorenzo

O secretario

Ignacio Garcia de los Huertos

A asesora xurídica

María del Carmen Rodríguez Mujico

Pola Intervención Delegada

María Teresa Hermo Mato

O representante da Consellería
solicitante

Jesús Sanjurjo Paz